

## DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA curso 2020/2021

A programación completa da materia cos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave, están a disposición dos membros da comunidade educativa en Dirección.

### Procedemento de avaliación clases presenciais e non presenciais

A ferramenta de traballo será prioritariamente a aula virtual do centro, tanto desde a presenza física no centro como no caso de non poder asistir ao mesmo. Todos os materiais estarán colgados na citada AV, e o alumnado deberá subir alí as súas producións (tarefas) ou facer exames en liña cando proceda.

Faremos unha proba de cada unidade didáctica (a excepción da primeira avaliación en 3º e 4º que serán de dous e tres temas). No caso de non superar a materia nunha avaliación, realizarase unha proba de recuperación na seguinte avaliación e entregaranse os traballos suspensos ou pendentos, a nota máxima será un 5.

O alumnado que faga un exame ou traballo fraudulento terá un 0 e non terá dereito a repetir a proba, nin presentar de novo ese traballo.

Haberá unha proba final de curso para o alumnado que non acade o aprobado na media aritmética das tres avaliacións, a referencia para a citada proba serán os indicadores de “grao mínimo de consecución para superar a materia” que aparecen na programación didáctica da materia.

A cualificación na avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións (ou da recuperación se é máis favorable) e o redondeo será á alza. De non superar o 4,5 terá que facelo na convocatoria de setembro.

A avaliación final extraordinaria será unha proba escrita adaptada a unha hora, en base aos indicadores do “grao mínimo de consecución para superar a materia”.

Seguimento e avaliación de pendentos Os venres, no primeiro período de lecer, a xefa de departamento atenderá ao alumnado que o precise. Para superar a materia disporán dunhas fichas (40% da nota) e unha proba por trimestre (60%), de non superala por partes, farase unha proba escrita final no mes de maio de toda a materia.

<b><u>Instrumentos de avaliación</u></b>	<b>Ponderación</b>
A valoración dos contidos conceptuais farase a partir das probas escritas ou orais. Cada proba terá, como cuestións, actividades similares ás feitas na clase, contidos conceptuais das unidades didácticas, vocabulario e actividades competenciais.	60% da nota total
Lectura de libros e proxección de películas (fragmentos) na aula ou recomendadas fóra da aula. Realizaranse fichas do tema tratado neles.	10% da nota total
Rúbricas de traballos en grupo ou individuais: Terase en conta a calidade dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, a participación no grupo, de ser o caso, a capacidade discursiva da exposición e o correcto uso da lingua.	20% da nota total
Actitude e comportamento social: Valorarase a actitude activa e comprometida para a aprendizaxe na clase, así como que se teña o material.	10% da nota total

### TEMPORALIZACIÓN 2020/2021

<b>AVALIACIÓNS</b>	<b>1º ESO</b>	<b>2º ESO</b>	<b>3º ESO</b>	<b>4º ESO</b>
1ª	Temas 1 ao 4	Temas 01, 02, 1 e 2	Temas 01,02,03,04, 1 e 2	Temas 01,02,03,04, 1, 2 e 3
2ª	Temas 5 ao 8	Temas 3 ao 7	Temas 3 ao 8	Temas 4 ao 7
3ª	Temas 9 ao 11	Temas 8 ao 11	Temas 9 ao 12	Temas 8 ao 12